

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión EXTRAORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 8 DE XUÑO de 2017**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria extraordinaria que terá lugar o xoves, 8 de xuño de 2017, ás ONCE HORAS.

### **ASUNTOS**

#### **Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-Artístico**

[1.-Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal \(Plan único de concellos\) POS+2017.](#)

#### **Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior**

[2.-Aprobación do Expediente de modificación de créditos número 3/2017.](#)

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN EXTRAORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 8 DE XUÑO DE 2017

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 8 de xuño de 2017, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión extraordinaria.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

PSOE

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

D. JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ

PP

D<sup>a</sup>. CLAUDIA DELSO CARREIRA

MAREA ATLÁNTICA

D. DANIEL DÍAZ GRANDÍO

MAREA ATLÁNTICA

D. MANUEL DIOS DIZ

COMPOSTELA ABERTA

D. BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO

PSOE

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ROCIO FRAGA SÁENZ

MAREA ATLÁNTICA

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> ÁNGELA FRANCO POUZO

BNG

D. GUMERSINDO PEDRO GALEGO FEAL

PP

D<sup>a</sup> ROSA M<sup>a</sup> GALLEGRO NEIRA

PP

D. JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO

PP

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA

PSOE

D. JOSÉ GARCÍA LIÑARES

PSOE

D. ANGEL GARCÍA SEOANE

ALTERNATIVA VV.

D. AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ DE ROJAS

PP

D. ANTONIO LEIRA PIÑEIRO

PSOE

D. MANUEL MUIÑO ESPASANDIN

BNG

D. JOSÉ LUIS OUJO POUZO

PP

D<sup>a</sup> MARIEL PADÍN FERNÁNDEZ

PP

D. EDUARDO JOSÉ PARGA VEIGA

PP

D. JUAN VICENTE PENABAD MURAS

PSOE

D. JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO

PSOE

D. XOSÉ REGUEIRA VARELA

BNG

D. MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
D. LUIS RUBIDO RAMONDE	PP
D. JULIO SACRISTÁN DE DIEGO	PSOE
D <sup>a</sup> . M <sup>a</sup> GORETTI SANMARTIN REI	BNG
D. XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG

Escúsanse o Sr. Caínzos Vázquez, o Sr. Dieste Ortigueira e a Sra. García Gómez.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, Secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás once horas e trece minutos, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

#### Sr. Presidente

Imos comezar este Pleno extraordinario cun minuto de silencio en recordo das vítimas do atentado de Londres.

(A Corporación garda un minuto de silencio)

### **1.-APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2017.**

#### INTERVENCIÓNS

#### Sr. Requeira Varela

Bo día. Hai unha emenda presentada que xa se comunicou e xa houbo unha reunión de portavoces ao respecto, que é unha emenda exclusivamente técnica motivada por unha nota do Ministerio a raíz dunha liña de subvencións da Deputación de Cuenca que acabou nunha sentenza dun tribunal que nós entendemos, a parte política e administrativa desta Deputación entende que non nos afectaría en ningún caso, pero por seguridade xurídica entendemos que corresponde engadir un parágrafo no apartado 1 do acordo do POS e modificar tamén o apartado 6. Teñen coñecemento os Grupos e eu agardo que se vote favorablemente.

Vótase a emenda ao ditame da Comisión, que é aprobada por unanimidade.

Sr. Requeira Varela

Estamos seguramente diante dun punto dos Plenos da Deputación, seguramente co orzamento provincial é o punto máis importante que podemos someter a votación nesta administración, estamos falando dun novo plan, un plan que unifica outros plans e seguramente é o plan máis grande que, non só a Deputación da Coruña, eu atrévome a dicir que calquera Deputación do estado español ten un orzamento tan grande para transferir aos concellos da súa provincia. Un plan que leva 74 millóns orzados xa, pero que ademais planifica, ou así o planificaron os concellos desta provincia, 20 millóns máis, que era un dos obxectivos do plan, que os concellos da provincia tamén tiveran planificación orzamentaria a futuro e nestes momentos podemos dicir que a Deputación xa ten 20 millóns de euros máis que os concellos, a través dos seus proxectos nos achegaran para que os incrementos que vaia sufrindo este mecanismo financeiro vaian articulando tamén novas transferencias aos concellos.

Pero antes que nada, eu creo que este punto da orde do día de hoxe deste Pleno extraordinario, que tamén lle dá ese valor a este plan, necesita que poñamos en valor tamén certas cousas. Primeiro, eu quero poñer en valor e quero agradecer ao persoal desta administración, ao persoal do Servizo de Plans e de Intervención, o traballo e o esforzo porque este plan chegue hoxe a día 8 de xuño aquí para a súa aprobación, temos que recordar que as bases do POS+ aprobáronse no Pleno de novembro, déuselle de prazo aos concellos ata o 24 de febreiro para presentar proxectos, e a partir de aí no Servizo de Plans e en Intervención, pero tamén en Asistencia a Municipios, estívose axudando aos concellos na tramitación dun novo mecanismo que cambia moitas cousas, que no futuro vai facilitar moitísimo a relación dos concellos coa Deputación, pero que ao ser unha novidade necesitaba tamén dun impulso grande, e eu creo que case é un milagre que a día 8 de xuño poidamos estar traendo aos 93 concellos da provincia para aprobar as súas obras, o seu gasto corrente, a súa redución de débeda, etc., etc., porque non temos que esquecer que este plan unifica tres plans e once liñas de subvencións, o POS, o PAS, o PAI e once liñas de subvencións.

Se facemos un percorrido pola historia do POS da Deputación, do POS histórico, que eran 24 millóns de euros, primeiro aprobábase o POS, que se aprobaba no mes de febreiro, pero logo aprobábase o PAI, logo aprobábase o PAS, no seu momento cando había o DTC tamén se aprobaba o DTC, e aprobábanse as liñas de subvencións. Isto consumía moitísimos recursos humanos, pero tamén consumía moitísimos meses na Deputación, unha parte moi importante do ano dedicábase a tramitar diferentes mecanismos de transferencia aos concellos. Aquí estamos falando dun Plan que o unifica todo, que se aprobou en novembro e que no mes de xuño estamos aprobando absolutamente todo. Aínda así, poñémonos unha meta de cara ao vindeiro ano de apurar, porque agora temos unhas bases xerais, podémolas aprobar antes, e polo tanto podemos tamén aprobar o propio plan, como se dicía na Comisión tamén, podémolo intentar aprobar antes, e a nosa intención é así.

Polo tanto, eu reitero o meu agradecemento a todo o persoal desta casa implicado na tramitación deste plan, pero tamén reitero os meus parabéns aos concellos da provincia, absolutamente a todos, aos 93, porque tamén era un reto que os 93 concellos a día de hoxe puideran traer todos os seus proxectos aprobados, e aquí están todos, polo tanto, eu creo que é unha boa nova que tamén fala moi ben da madurez democrática das administracións locais da provincia que a día de hoxe contemos cos proxectos dos 93 concellos da provincia, pero tamén estamos falando de boas novas para a licitación pública, para as oportunidades empresariais porque este plan xa leva aparellados 353 licitacións públicas nos concellos da provincia, que non son poucas, pero tamén un aforro neto dos concellos que investiron boa parte deste plan en sufragar gasto corrente, vai significar que ese diñeiro aforrado no gasto corrente vai significar tamén novas licitacións e novas obras neses concellos. Polo tanto, estamos falando dunha boa noticia económica que ademais xa significou antes da aprobación, antes do día de hoxe, que moitos concellos tamén reduciran o seu período medio de pago a provedores para poder utilizar todo o diñeiro deste plan para obras ou para cuestións que eran a súa prioridade.

Tamén estamos falando dun plan que vai a reducir débeda que temos as administracións locais con provedores en tres millóns e pico de euros, que non é pouco, e tamén vai reducir á débeda financeira en máis de cinco millóns de euros.

Polo tanto, eu creo que este plan é unha moi boa nova para os concellos da provincia da Coruña, seguramente é un camiño que temos iniciado e que teremos que recorrer e melloralo cantas veces faga falta, pero de todos os alcaldes e concelleiros e concelleiras que pasaron polo meu despacho a xestionar multitude de cuestións, fora cal fora a cor política, o que se me trasladaba era que o plan é un mecanismo adecuado, é un mecanismo necesario e un mecanismo que debe prosperar.

Polo tanto, nada máis, e agardar que os resultados, cando esteamos valorando o que resultou economicamente o plan na provincia, sexan tan bos como a ilusión que depositamos neste plan. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Dios Diz

Moitas grazas, Sr. presidente, bos días a todas e a todos. Hoxe imos aprobar un Plan de cooperación ás obras e servizos dos concellos que na nosa opinión mellora a situación precedente, que supón un avance sobre o punto de partida, entre outras cuestións porque aumenta a capacidade decisoria e a autonomía dos concellos, abrangue posibilidades diversas, máis alá da única opción ao investimento, gasto corrente, redución de débeda bancaria e con provedores, redacción de proxectos, achegas municipais a outros plans, responde a criterios obxectivos, que todos coñecemos, establece unha vía de cooperación entre as administracións locais que reduce a discrecionalidade e o clientelismo. Obviamente hai aspectos que consideramos mellorables, imaxino que todos os presentes estamos de acordo en que o plan non é perfecto, que pode haber cousas para corrixir, para mellorar, de cara a futuros exercicios, desde a nosa humilde opinión fixemos achegas ao longo da tramitación do plan, tanto na fase de aprobación das bases como posteriormente. O diálogo co goberno provincial e cos funcionarios da Deputación foi continuo e fluído, buscando solucionar os problemas que puideran xurdir da posta en práctica do plan, e que nos ían transmitindo desde os concellos.

Cando se pretende levar a cabo unha acción ambiciosa, no económico, pero tamén nos fins, é comprensible que aparezan imprevistos, disfuncións, obstáculos, cando percibimos algún nós informamos ao Goberno coa intención de resolver eses problemas agora e de evitalos no futuro. Podemos mencionar, por exemplo, as dúbidas dalgúns concellos coas facturas de provedores non pagadas en prazo, non por falta de crédito senón por impedimentos, como procesos xudiciais, ausencia de datos do cobrador, etc., cuestión non prevista nas bases do plan pero que foi entendida e atendida polos seus responsables técnicos. A postura do noso Grupo foi, como dixen, de colaboración, de lealdade, de mellora e de aposta por avanzar na relación entre a Deputación e os municipios, especialmente os máis pequenos. Que hai aspectos que nos gustaría cambiar e se poden modificar?, si, e informamos deles ao Goberno e prestóusenos atención, consideramos que ese é o camiño, o da cooperación institucional, pero en calquera caso que cadaquén escolla o seu.

A través deste plan o Concello de Santiago de Compostela, onde goberna Compostela Aberta, vai recibir unha achega de 1,7 millóns de euros, nin máis nin menos, a que lle corresponde por criterios obxectivos, como territorio, poboación, esforzo fiscal, e que son iguais para todos os concellos, non cambian en función da cor política de quen governe en cada lugar. Non se beneficia as cidades por riba doutros concellos, nin se destinan máis fondos a subvencións nominativas que as convocatorias regradas como si sucedeu, como sabemos, no pasado recente. 1,7 millóns de euros que servirán para diminuír a débeda bancaria que recibimos das anteriores Corporacións, para dotar de servizos e infraestruturas ao rural, e reducir así a fenda que outros aumentaron, ao investir os fondos da Deputación na cidade, para facer fronte ao gasto corrente e ofrecer mellores servizos aos cidadáns, 1,7 millóns de euros investidos onde o Concello decide, onde precisa, onde hai máis necesidade, sen condicións impostas pola Deputación, sen premios ou castigos por afinidades políticas. 1,7 millóns que, sendo unha cantidade considerable, será ampliada proximamente, pois o propio plan establece mecanismos para o reparto de novos fondos, algo que afonda nesa vía de cooperación cos municipios, que xa manifestei antes.

Con todo o que pode ter de mellorable, nós preferimos sen lugar a dúbidas este modelo ao que había antes, moitas grazas.

#### Sr. Díaz Grandío

Bos días, serei breve na explicación, o que si queremos anunciar e fundamentar o noso positivo a esta aprobación do Plan provincial e que o Grupo provincial da Marea Atlántica vai votar a favor porque entende que ese é o xeito de contribuír a que esta política provincial de distribución sexa rexida polos criterios obxectivos que reclamamos desde o primeiro día que pisamos esta institución. Cremos nisto porque os mecanismos de compensación postos en práctica sistematicamente noutros mandatos, e referímonos a subvencións nominativas, son unha cuestión que sempre acaba resultando en prácticas políticas nocivas en igual proporción a unha grande fonte de iniquidades.

A nosa postura é que a actividade da Deputación se rexa máis pola planificación que por outros criterios, que rexa a obxectividade e non a oportunidade,

e por iso apoiamos, e por iso cremos que este modo de funcionar debe irse trasladando ao resto de accións que vaia tomando a propia Deputación.

Este plan único preséntasenos, e como tal pode considerarse, como un proxecto central de mandato, pero unha vez superado o reto gustaríanos ir vendo avances tamén noutras materias. É pois o momento de valorar o modo en que se levan a cabo as cesións de equipamentos da Deputación provincial aos concellos, de comezar coa necesaria reforma do Regulamento orgánico, de avanzar na introdución de políticas innovadoras, como son a participación, o benestar animal ou a mobilidade, entre outros, por poñer algúns exemplos, nos cursos de formación que se dan a persoal municipal, ou de ilos introducindo tamén ao persoal da propia Deputación, no clausulado ou contratación social ou ética, ou de introducir aspectos ou iniciativas de participación cidadá nos orzamentos provinciais.

Saiban entón que, con proxectos que continúen no sentido do debatido hoxe, seguirán contando co noso apoio nas cuestións de especial relevancia para esta Deputación. Grazas.

#### Sr. Hernández Fernández de Rojas

Bos días, antes de nada gustaríame adiantar o voto favorable do Grupo maioritario desta Corporación a este punto da orde do día, pero non por iso deixarei de facer algunhas reflexións ao respecto do que imos aprobar hoxe.

En primeiro lugar quero dicir que o que aprobamos son sesenta millóns e algo de achega provincial, o que veña despois dependerá do que aconteza, en todo caso nós fixemos unha pregunta na Comisión que non foi respostada, ao respecto de cal ía ser a previsión de dispoñibilidade adicional ao longo do que resta deste exercicio orzamentario.

A verdade é que nós dixemos cando foi debatido este POS +, POS máis, que logo despois farei algunha reflexión ao respecto do que é máis e do que é menos, pero en todo caso, cando foi aprobado ese Plan nesta Corporación nós xa advertimos que as cantidades previstas a aprobar, que é o que facemos hoxe, son menores que as que tiveron os concellos o ano pasado, e polo tanto a nosa preocupación respecto de que a Deputación, nunha situación financeira notablemente mellor que a que tivemos no pasado mandato, reparta menos recursos aos concellos da provincia, porque cremos que a Deputación está precisamente para axudar e para contribuír á mellora económica e axudar e contribuír a que os concellos poidan realizar investimentos. Cremos que haberá que analizar cando remate o exercicio orzamentario cal é o resultado final, pero nestes momentos, podemos afirmar que as cifras reflicten unha diminución de fondos da provincia para os diferentes concellos.

Antes de continuar coa miña intervención si que na liña do Sr. Regueira valorar obviamente positivamente, moi positivamente, e agradecer o esforzo de todos os funcionarios, os empregados desta casa, na xestión deste plan, pero a verdade é que temos que reflexionar ao respecto do que aconteceu. Cando un responsable político decide mudar algo, un responsable político responsable, non un responsable político irresponsable, estes que viñeron a mudalo todo, cando un partido político, como é o Partido Socialista, e en certa medida tamén o BNG, deciden mudar algo, deberían

pensar se o que mudan funcionaba ben ou funcionaba mal. E loxicamente se o desexo é mellorar, porque nesta vida todo é mellorable, o lóxico é facelo con prudencia, con responsabilidade, para evitar o que hoxe estamos constatando, e é que estamos no mes de xuño aprobando inicialmente un Plan de investimentos para moitos concellos, un Plan de investimentos en certa medida, posto que practicamente a metade é para gasto corrente, se sumamos tamén a diminución do endebedamento dos concellos.

Polo tanto, a verdade é que vostedes encheron o seu discurso de que o POS+ era dinámico, era o mellor do mundo, era o máis do máis, e a verdade é que si, o POS+ é o máis, é máis atraso, máis burocracia, máis problemas, e tamén máis prórrogas, posto que creo que, Sr. Presidente, hoxe por prudencia o que deberíamos é aprobar o plan e aprobar tamén a primeira prórroga, porque probablemente teñamos que aprobar unha prórroga máis cedo que tarde, sobre todo tendo en conta que aínda que na Comisión a interpretación dos servizos técnicos da Deputación é que os concellos poden iniciar a tramitación, nós temos constatado en diversos concellos, diversos habilitados deses concellos afirman que non poderán iniciar a tramitación dos correspondentes expedientes ata que estea aprobado definitivamente, é dicir, ata o mes de xullo. Polo tanto, a verdade é que temos que constatar unha diferenza, e as cifras cantan, o derradeiro POS aprobado polo Goberno do Partido Popular, o 25.10.2013, período de presentación de proxectos, 27 de decembro, obras listas no primeiro trimestre. Hoxe aprobamos inicialmente este POS+, 8 de xuño, e a data para a licitación de investimentos, se non teño mal o dato, o 30 de novembro, obviamente procedementos regulados, seguindo a normativa da Lei de contratos do sector público, obviamente, insisto, Presidente, deberíamos aprobar por prudencia hoxe xa a primeira prórroga.

Polo tanto, obviamente, nós temos que manifestar e que quede constancia da nosa contrariedade ao respecto do atraso na tramitación, podemos entender que é un plan novo, que é un plan novidoso, pero insisto, cando algo funciona o lóxico é facer unha revisión, cando menos, prudente, tentando non perder as cuestións que se estaban realizando de xeito correcto. Polo tanto, a verdade é que non soamente por razóns puramente de calendario, senón tamén por razóns de oportunidade en relación coa execución de obras no noso territorio, en Galicia, a verdade é que é unha mágoa que perdamos, perdan os concellos, estes meses de xuño, de xullo, de agosto, para poder facer obras, a verdade é que deberemos de reflexionar ao respecto desta cuestión, agardo que o vindeiro exercicio sexamos capaces de poder ser máis eficaces, máis eficientes, máis rápidos, e polo tanto, agardo que de verdade este Plan POS+, do que tanto falan vostedes, sexa de verdade un plan que permita avanzar, e non sexa un plan que agora mesmo a única realidade é que é un plan que chega máis tarde e con menos cartos, moitas grazas e máis nada.

#### Sr. Requeira Varela

Antes que nada darlle as grazas aos Grupos polo voto favorable ao plan, e intentarei respostar a algunhas cousas. Primeiro, agradecer tamén os retos que se nos poñen por diante, porque sempre é bo que se nos poñan retos por diante para intentar cumprir nos que esteamos de acordo, iso é bo e é o que se debe facer sempre, e non todo o mundo o fai, hai moitas forzas políticas que se dedican a facer

esixencias a posteriori pero nunca se encargan de planificar ou propoñer retos, polo tanto está ben que se propoñan retos.

En todo caso hai outra administración que nos afecta a nivel autonómico, a Xunta de Galicia, que cun orzamento de nove mil millóns de euros, no Fondo de Cooperación Local transfere aos concellos 119 millóns de euros escasos, dos que, deses 119, 2 incluso van só para fusións. Polo tanto, estamos falando unha administración que aprobou un orzamento en tempo e en prazo, de 176 millóns, que xa de inicio transfere 74 millóns de euros aos concellos, e doutra con 9.000 millóns que por mecanismos obxectivos e transparentes transfere, non chega aos 120.000 para toda Galicia. Eu creo que a diferenza xa é cualitativa e cuantitativa.

En todo caso, teño que recordar, e eu non lle vou chamar, non vou dicir que o Partido Popular, fíxese vostede, Sr. Hernández, non vou nin sequera dicir que o Partido Popular ten unha parte de responsabilidade, como lle di vostede ao BNG que temos, que temos unha parte parece ser de responsabilidade, e unha parte de irresponsabilidade. Eu onte mesmo, creo, escoitábao a vostede falando nunha emisora de radio dicindo que os políticos debiamos de ter corazón, pois efectivamente, eu creo que todas as persoas temos corazón e debemos de mostrar sentimentos, pero os políticos tamén temos que ter algo máis, e como non lle vou dicir, e non vou poñer no seu debe ningún tipo de responsabilidade nin de irresponsabilidade, si lle vou poñer no seu debe algo que para min tamén é importante nun político, o rigor, e vostedes nas súas argumentacións demostra, case sempre, unha falta importante de rigor, truca os datos. Eu acábolle de dicir que aquí este Plan suma varios plans, e se sumamos o tempo de tramitación de todos eles estaríamos en moitísimos máis meses do que hoxe estamos. Polo tanto, por aí si pido un pouco de rigor ao respecto e si pido tamén que se teña en conta todo o traballo que se leva feito nesta administración.

Cando nós chegamos ao Goberno da Deputación da Coruña encontrámonos cunha proposta de plan de equilibrio provincial, cando esa proposta existe, xa digo, do que pasou nos catro anos anteriores. Agora ao que poden agarrarse as administracións locais é que a Deputación vai distribuír os fondos provinciais dun xeito totalmente obxectivo, cuns criterios de baremación, que podemos falar deles no futuro, e eu estou de acordo en que se deben de abrir todos os debates que faga falta, pero cuns criterios que coñecemos todo o mundo, e ademais que avalaron case a totalidade, ou a totalidade, dos gobernos municipais que se reuniron con este Goberno cando falamos de criterios POS ou criterios DTC, que eran os criterios que articularon vostedes nesta Deputación nos catro anos anteriores. Fíxese vostede, que curioso, ese DTC que valía para a provincia da Coruña, onde o Partido Popular tiña tres alcaldías nas cidades e que primaba a poboación en detrimento doutros criterios, non valía para o Sr. Louzán na Deputación de Pontevedra porque Vigo e Pontevedra non as gobernaba o Partido Popular, eses criterios de reparto por poboación, se quere falamos destas cousas tamén.

Eu nada máis, porque eu creo que o plan é transparente, teremos que falar moitísimo máis del, moitísimo máis, porque falamos pouco, e cónstame que nalgunhas localidades o que falan non é a realidade, polo tanto, este Goberno si ten que falar moito máis do Plan único POS+, e eu, en todo caso, agradecer de novo o apoio dos Grupos e tamén do Partido Popular, porque sei que a maioría dos alcaldes,

ou polo menos os que falaron comigo, do Partido Popular, e alcaldesas, transmitíronme que estaban moi satisfeitos co plan. Nada máis e moitas grazas.

### Sr. Sacristán de Diego

En primeiro lugar agradecer que o Partido Popular vote favorablemente a este Plan + porque, efectivamente, se produce un cambio cuantitativo importante, aínda que non se recoñeza, Sr. Hernández, todos os alcaldes do Partido Popular están de acordo co plan, todos, absolutamente todos, porque por primeira vez este é un plan que non obriga aos concellos a endebedarse para poder participar. Antes, para poder participar nun plan na Deputación, tiña que contribuír o concello, e había concellos que non podían contribuír e tiñan que endebedarse, polo tanto, é importantísimo para moitísimos concellos, tanto do Partido Popular como doutros Grupos que están nunha situación económica financeira grave, ou estaban cando se fixo o Plan+, para poder participar no PAI, no PAS, e todos eses, había que achegar diñeiro dos concellos. En segundo lugar, había moitos concellos que se atoparon con facturas no caixón e que non podían pagar os provedores, este plan permite pagar os provedores, é dicir, este plan o que fai é dignificar o que moitas veces chamamos, que é a autonomía municipal, e que nunca tivemos para poder gastar os cartos, este plan permite iso, e que os concellos sexan libres para elixir o que queren facer no seu concello, só con iso xa estaría xustificado o plan, só con iso.

Pero é que ademais o plan o que permite é que non te endebedes máis, que se pague a provedores en tempo e forma, que non se garden as facturas no caixón, todo iso que nos queixamos moitas veces cando chegamos aos concellos de que os demais o fan, isto vaino impedir, nunca máis debería de haber facturas no caixón, co cal é un paso tamén importante, e que tamén está de acordo o Goberno do Estado e a Comunidade Autónoma, polo tanto, redúcese a burocracia, tanto na Deputación como nos concellos, aínda que neste momento o plan é verdade que non sae en marzo, sae en xuño, pero tamén é certo que é un novo plan, iso xera ao principio, como todos os plans, desde logo xera problemas, tanto na tramitación como nos propios concellos, pero é evidente que o plan sae en xuño, pero decátese que na etapa anterior as subvencións nominativas ao mellor dábanse en novembro, e o PAI saía en novembro, e non se podía contratar, e aquí sae todo xunto. É certo que imos cun certo atraso á hora de poder facer as obras, polas tramitacións que ultimamente hai que facer que se burocratiza excesivamente as tramitacións e posiblemente vaia cun pouco de atraso, non se poden executar en verán como sería necesario, pero o que si é certo é que se pode licitar desde este momento, pendente de que se aprobe definitivamente, e no momento en que estea aprobado definitivamente, adxudicar. Polo tanto pódese licitar sen problema ningún este plan.

E ademais eu creo que este plan o que dá é unha seguridade tremenda cando se fan os orzamentos municipais, ata o de agora nunca sabíamos qua cantidades íamos recibir da Deputación, chegabamos a 31 de decembro sen sabelo, neste momento sabemos que hai unha cantidade fixa que, como mínimo, é como a anterior, e ademais vostede sabe que o remanente de tesourería vainos permitir que fagamos incremento e temos garantido como mínimo recibir a cantidade anterior, eu creo que vai ser máis, pero como mínimo iso.

Tamén hai que ter en conta que non se puido facer, e a día de hoxe ao mellor o podíamos facer, porque os orzamentos do Estado se atrasaron na súa aprobación e, polo tanto, non sabemos moi ben como ía quedar a incorporación de remanentes, porque tal e como estaba redactado non era moi doado para poder incorporar remanentes. E logo despois tamén ten que ter en conta outra cousa, é dicir, que non só se van dedicar estas cantidades aos concellos que imos recibir máis que o ano pasado, senón que ademais incrementáronse fundamentalmente as obras en vías provinciais e en travesías, con respecto ao que se viña facendo ata o de agora, iso é un investimento tamén moi importante en moitos concellos, que hai que valorar.

E por outra banda, eu quero dicirlle que, efectivamente, todos os plans poden ter algunha dificultade cando se implementa, agora irresponsabilidade ningunha, porque algúns levamos moitos anos xestionando concellos e aquí nesta Sala, e non creo que se nos poida tachar de irresponsables na nosa xestión, polo tanto non imos facer que os nosos compañeiros sexan irresponsables, cando facemos un plan facémolo con coñecemento de causa, de moitos anos sufrindo algunhas das consecuencias de falta de obxectividade e todas esas cuestións, e de caprichos, en función de a quen se lle daba os cartos, en función de como che caera. O plan de reequilibrio que tivemos que facer, vostede viu que había concellos do Partido Popular que non recibían igual diñeiro uns que outros, e había concellos do PSOE que ao mellor recibían dous concellos do PSOE e un do BNG, e houbo que reequilibrar esa situación, onde se lles tiña pendentes, polo que lle correspondería con criterios obxectivos, cantidades de 800.000 e 1.000.000 de euros, pendentes da Deputación, e reequilibrarse.

Polo tanto, eu creo que debe de ser xusto co plan, é un plan que mellora substancialmente a situación que había anteriormente, e creo que ademais, cando se pense no próximo, evidentemente haberá que facer achegas, haberá que facer unha análise do que foi este plan, as consecuencias de por que se atrasa posiblemente un mes, dous meses, e como se pode adiantar, eu creo que o próximo, xa superados os atrancos iniciais non vai ter ese atraso, e logo despois eu creo que o que lle pediríamos é que á hora de analizar o plan se analicen todas as variables, e non unha exclusivamente, unha variable que estamos falando de principio de ano, a análise, moi ben dixó, por primeira vez escoiteillo, que habería que facelo ao final, pero iso que dixó agora tíñao que dicilo todos estes meses que se dedicou a criticar o plan, tiña que dicir, efectivamente, o ano pasado ao final do ano recibiron os concellos X diñeiro, e este ano con este plan ao principio reciben un pouco menos, pero é verdade que estamos ao principio e o balance hai que facelo ao final do ano, ao final do ano faremos balance e logo convencerase de que, evidentemente, recibimos moito máis diñeiro e cuns criterios que creo que son indubidables.

Eu creo sinceramente que este plan debería de exportarse a todas as deputacións do Estado, empezando polas galegas. Moitas grazas.

Sr. Hernández Fernández de Rojas

Moitas grazas, Sr. Presidente, por alusións, facer algún comentario.

O plan reparte recursos financeiros aos concellos, repárteos tarde e en menor cantidade que o ano pasado, nestes momentos, polo tanto, iso é unha realidade.

Como reparte recursos financeiros nos concellos, obviamente nós imos votar a favor, pero en todo caso estamos ante un Plan de investimentos que, por certo, Plan de investimento dedica máis do 40%, ao redor do 40%, ao gasto corrente, un plan que, xa o dixemos, beneficia os concellos incumpridores fronte aos cumpridores, e é un plan que, en definitiva, chega máis tarde e con menos cartos.

E a verdade é que, Sr. Regueira e tamén Sr. Sacristán, teño que facer algún comentario, os criterios de reparto desta Deputación no mandato anterior, non é que foran correctos de acordo co que pensamos neste Grupo, senón que foron ratificados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo tanto, nada que dicir. Vostedes falan de reequilibrio porque toca falar diso.

E sr. Regueira, xa que vostede fala de ser rigoroso, ser coherente e falar cos datos, vostede sabe perfectamente que dos 9.000 millóns, en primeiro lugar que este non é un debate de ámbito autonómico, nin vostede nin eu somos deputados autonómicos e, polo tanto, non temos nada que dicir ao respecto do que acontece noutra administración, como é a Xunta de Galicia, pero mire, Sr. Regueira, 9.000 millóns de euros, que máis ou menos é o orzamento da Xunta de Galicia, unha porcentaxe por riba do 85%, dedícase a gasto social, a gasto educativo e a gasto sanitario, polo tanto non mesture vostede cifras que non son en absoluto mesturables. De gasto farmacéutico, e falo de memoria, probablemente a nivel autonómico esteamos por riba dos 2.000 millóns de euros, supoño que vostede estará de acordo comigo en que os datos son os que eu estou dicindo.

Polo tanto, insisto, nós imos votar favorablemente, pero non deixamos de lamentar que este plan chegue para aprobación inicial no mes de xuño e que non estea aprobado definitivamente probablemente ata o mes de xullo.

#### Sr. Regueira Varela

Moi brevemente, 9.000 millóns, efectivamente 2.000 de gasto farmacéutico, e outros moitos gastos máis, pero nós 176 millóns, pero cubrimos tamén gasto social que non cubre a Xunta, cubrimos Orquestras Sinfónicas que non cubre a Xunta, ou cubre deficitariamente, temos un Plan de emprego local, que non ten a Xunta, é que nós tamén temos outros plans, temos vías e obras provinciais, amañamos travesías, e por riba vén vostede aquí en cada Pleno a pedirnos colaboración coa Xunta en mil e unha cousas que non son competencia provincial, polo tanto, claro que nós gastamos tamén moito máis que neste POS+, afortunadamente.

#### Sr. García Seoane

Non ía intervir porque as Comisións están para algo, antes dun Pleno sempre hai comisións, e págasenos 300 euros por acudir a elas, e ninguén abre a boca, ou algúns de vez en cando, nas Comisións débátese o asunto, expónse e, polo tanto, aí é onde hai que dicir todas estas cousas que levamos agora aquí unha hora escoitando repetidas, esas na Comisión non se din. Polo tanto, ese é o sitio do debate, e aquí tamén cando hai dúbidas nunha Comisión que un vota en contra e aquí vén e di por que vota en contra, por isto, por isto e por isto, pero se na Comisión estamos todos de acordo non ten moito sentido vir a debates de perda de tempo.

Pero claro, eu non ía intervir porque o que dixo agora o representante do Partido Popular, que hai sentenzas que xustifican o reparto da anterior Deputación, hai sentenzas que é mellor non comentalas, porque os reparos que fixo a Intervención desta Deputación, en 10.000 millóns de pesetas que foron distribuídos a dedo, iso son ilegalidades por moitas sentenzas que haxa, polo tanto, mellor non comentar porque neste país a xustiza cada día tamén hai moito máis que abordala desde os Parlamentos para poñer orde neste país, que cada un vaia co seu cometido, pero axustado as leis, non os amiguismos, nin nada parecido. Polo tanto, mellor non comentar algunha sentenza.

E os recursos, veñen tarde, hai o dito aquel que cando veñen tarde e son ditosos, benvidos sexan os recursos, e isto é unha pura demagogia, o que se fala aquí, porque todos os concellos estamos de acordo niso, todos van recibir un montón de centos de miles de euros, e están esperando, porque moitos dos concellos a única vida que teñen, o único recurso que teñen, son este diñeiro que dá a Deputación, algúns se a Deputación non lle dá este diñeiro non fai nada durante o ano no Concello, polo tanto teñen todo o tempo do mundo eses que teñen tan poucos recursos para contratar con tempo, dicíao o interventor o outro día, deixouno moi claro, mentres non estea aprobado definitivamente non se pode adxudicar as obras, pero cando o concello teña a comunicación pode empezar o trámite e gañar un mes, igual que está agora a exposición pública durante un mes este acordo que imos tomar, vai estar tamén durante ese tempo, a Corporación que queira, tramitando o expediente, e cando cumpra o prazo, adxudica as obras sen máis.

Polo tanto sexamos serios, perdemos moito tempo, isto é o que a xente non admite en política, os cidadáns non admiten en política, divagacións, discursos sen sentido ningún, simplemente de cara á galería e de cara á prensa que está aquí, nada máis. O noso voto xa era sabido como era, favorable, porque nós estamos en política para construír, non para destruír, estamos para construír, estamos para mellorar este país e, polo tanto, non queremos perder máis tempo en verborrea.

#### Sr. Presidente

Eu antes de nada quixera agradecer a toda a Corporación o voto favorable a este plan único porque vendo o anexo que detalla os investimentos de concello por concello, grazas a ese voto unánime, máis alá das críticas ao prazo que, efectivamente é innegable, o prazo vai máis lento que o POS anterior, froito loxicamente porque é un plan totalmente innovador, un plan que supón ademais unha realidade que teremos que afrontar na vindeira relación de postos de traballo, unha realidade que nos obriga a ser áxiles, é dicir, en Plans agora mesmo, no departamento que dirixe Xosé Regueira, recae moito máis traballo do que recaía anteriormente, porque había once convocatorias de subvencións que recaían en Promoción Económica, en Cultura, en Deportes, etc., e que hoxe recaen nas mesmas persoas que compoñen o departamento de Plans, e polo tanto haberá que afrontar esa nova realidade.

É un plan que supón o financiamento de 354 obras en toda a provincia da Coruña, en todos os concellos, onde os concellos, como ben dicía Julio Sacristán, deciden se investir, por exemplo no meu caso, no Concello das Pontes, investimos o cen por cen da achega provincial, dedicámolo ao investimento, e a inmensa maioría

dos concellos deciden dentro da súa liberdade apostar porque unha parte desa achega provincial se dedique a gasto corrente, gasto corrente que hai que empezar a describir, que o fixo o portavoz do Partido Popular con moita claridade, ao que me sumo claramente, o que é gasto corrente. Gasto corrente na Xunta de Galicia é igual que na Deputación da Coruña, é a mesma definición, polo tanto, se o gasto corrente na Xunta de Galicia supón financiar a sanidade, significa financiar o gasto social, significa financiar o gasto farmacéutico na Deputación da Coruña, financiar o gasto corrente dos concellos por libre decisión destes concellos, significa financiar as nóminas das profesoras e profesores das garderías, significa financiar as nóminas do persoal do servizo de axuda a domicilio, significa financiar o gasto en iluminación pública, iso é o gasto corrente. Polo tanto, digamos que o argumentario clásico agora mesmo xa non vale, o argumentario clásico de que o gasto corrente é gasto tirado que se nos vai entre os dedos, non é así. Hoxe en día probablemente sexa máis importante atender ao servizo de axuda a domicilio, as persoas maiores nunha poboación envellecida, como é Galicia, sobre todo o rural, que seguramente facer unha beirarrúa máis bonita, iso creo que por unanimidade, os que estamos aquí, que nos dedicamos á vida municipal, témolo moi claro.

Esas 354 obras van permitir a renovación de 60 rúas en toda a provincia, vai financiar 166 accesos a núcleos rurais, 38 obras na rede de sumidoiros, 25 actuacións en instalacións deportivas e 14 en parques públicos, 81 concellos destinarán parte dos fondos a gasto corrente, concretamente 21 millóns de euros, 8,5 millóns de euros para sanear economías municipais, unha boa parte dentro do que era o PAI, unha brillante iniciativa, e que permitiu aos concellos non deberlle cartos aos bancos con custo, senón deberlle cartos a unha Administración pública, como é a Deputación da Coruña, que a diferenza do Estado os deixa sen cobrar un céntimo de xuro, non por iniciativa deste Goberno provincial, senón do Goberno anterior, e da Corporación provincial anterior, esa é a diferenza de concepto entre o Estado e a Deputación da Coruña no apoio aos concellos.

E, por último dicir que, efectivamente, este non é un debate autonómico e debemos de alonxarnos diso, pero si que me gustaría apuntar unha cousa ao que dicía Agustín, si que nos tocan certos debates autonómicos. Onte presentábase un Plan de mellora de camiños autonómico, iso si que supón un recorte de fondos importante, un 30% menos, cada un dos concellos, aquí hai alcaldes que onte marcharon con cara de pena da Xunta de Galicia cando viron as cifras, un 30% menos. Un 30% menos no Fondo de compensación ambiental que claramente significa na suma dos dous plans, son plans destinados única e exclusivamente a concellos que teñen rural e, polo tanto, esa aposta pola perda demográfica que entre todos temos que facer, é evidente que na concepción da Consellería do Medio Rural non coincide coa nosa. É dicir, o Plan único é un plan que vai recibir, como mínimo, e tedes a garantía porque dependemos da aprobación dos orzamentos do Estado, pero as cifras, como dicía Agustín antes, permiten que igualem os PAS do ano anterior, é dicir, os ingresos do ano anterior, ese compromiso por parte do Goberno provincial e dos Grupos desta Corporación é claro e vai ser así, os tempos son os que son porque os orzamentos do Estado aínda están en tramitación, pero en calquera caso os concellos pequenos da provincia da Coruña digamos que non van recibir menos cartos como ocorre co Plan de camiños rurais da Xunta de Galicia ou co propio Fondo de Compensación ambiental.

Vótase o ditame coa emenda incorporada e apróbase por unanimidade.

### **ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, aprobadas polo Pleno da Deputación na sesión realizada o 25 de novembro de 2016 e publicadas no BOP nº 226 do 29 de novembro de 2016.

Vistas as solicitudes presentadas telematicamente polos 93 concellos da provincia de acordo coas bases reguladoras do plan, partindo das achegas provinciais que lles foron asignadas de forma obxectiva.

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, cuxo resumo de cifras globais de financiamento dos distintos apartados nos que se estrutura, en función dos 3 tipos de achegas provinciais aplicadas, e os 6 posibles obxectos do plan, é o que se indica a continuación, e cuxos datos por concello e relación de actuacións figuran nos ANEXOS I a VIII a este acordo segundo se detalla:

ANEXO I	Resumo xeral por concello por tipos de achega e obxecto
ANEXO II	Resumo por concello de importes consumidos por tipo de achega
ANEXO III	Pago a provedores
ANEXO IV	Gasto corrente
ANEXO V	Obras e subministracións
ANEXO VI	Honorarios de redacción de proxectos
ANEXO VII	Achegas a outros plans, programas ou convenios
ANEXO VIII	Redución de débeda con entidades financeiras

POS+ 2017

TÁBOA RESUMO XERAL : OBXECTOS, TIPOS DE ACHEGA PROVINCIAL, PARTIDAS, E ACHEGA MUNICIPAL

OBXECTOS	ACHEGA PROVINCIAL 2017	ACHEGA PROVINCIAL 2016 -superávit-	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	TOTAL ACHEGA PROVINCIAL	CONCELLO	TOTAL
Pago a provedores	Cap II 0430/4592/46201 1.046.920,31	Cap II 0430/4594/46201 1.508.486,84		Cap II 2.555.407,15		
	Cap VI 0430/4592/76201 108.509,12	Cap VI 0430/4594/76201 421.983,44		Cap VI 530.492,56		
	Total pago provedores 1.155.429,43	Total pago provedores 1.930.470,28		Subtotal pago provedores 3.085.899,71		
Gastos correntes	0430/4592/46201 21.675.284,65			21.675.284,65	0,00	21.675.284,65
Obras ou subminist.	0430/4592/76201 9.334.071,18	VARIAS 17.494.417,77	0430/9434/82120 9.239.950,54	36.068.439,49	3.698.670,18	39.767.109,67
Honorarios redacción proxectos	0430/4592/76201 97.188,92			97.188,92	0,00	97.188,92
Achegas municipais a outros Plans	0430/4592/76201 238.025,82	VARIAS 574.221,56		812.247,38	0,00	812.247,38
Redución débeda entidades financeiras			0430/9434/82120 5.461.214,68	5.461.214,68	0,00	5.461.214,68
<b>TOTAL</b>	<b>32.500.000,00</b>	<b>19.999.109,61</b>	<b>14.701.165,22</b>	<b>67.200.274,83</b>	<b>3.698.670,18</b>	<b>70.898.945,01</b>

ACHEGA 2016 DESAGREGADA SEGUNDO TIPO DE INVESTIMENTO						
	PARTIDA			OBRAS/SUBMINST	ACHEGAS	TOTAL
Vías publicas	430	1535	76201	7.670.695,24	75.663,17	7.746.358,41
Rede sumidoiros	430	1604	76201	1.925.064,36		1.925.064,36
Abastecemento auga	430	1613	76201	741.735,38	105.644,42	847.379,80
Recollida residuos	430	16214	76201	0,00	36.630,67	36.630,67
Iluminación pública	430	1654	76201	614.711,40		614.711,40
Parques e xardíns	430	1714	76201	406.109,36		406.109,36
Comercio	430	4315	76201	0,00	157.006,01	157.006,01
Estradas	430	4539	76201	3.264.402,96		3.264.402,96
Camiños veciñais	430	4544	76201	1.827.765,12		1.827.765,12
Xestión patrimonio	430	93394	76201	1.043.933,95	199.277,29	1.243.211,24
<b>TOTAL</b>				<b>17.494.417,77</b>	<b>574.221,56</b>	<b>18.068.639,33</b>

A aprobación definitiva deste Plan POS+ 2017 queda condicionada á entrada en vigor do Expediente de modificación de créditos 3/2017 no que se consigna crédito adecuado e suficiente para o financiamento de todos os apartados deste Plan nas partidas orzamentarias indicadas.

Ademais, a aprobación definitiva dos obxectos financiados con cargo ao préstamo provincial 2017, tanto das “obras e subministracións” cuxo detalle figuran no anexo V.3 a este acordo, como das cantidades destinadas á “amortización das débedas” dos concellos con entidades financeiras cuxo detalle figura no anexo VIII a este acordo, queda condicionada a que os correspondentes concellos acrediten, a través dun informe da Intervención ou da Secretaría-Intervención, que o acordo relativo á súa solicitude de “préstamo provincial 2017” foi adoptado conforme ás normas de aplicación e que o concello non necesita autorización preceptiva do órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia ou, de ser necesaria, que se obtivo a dita autorización.

2.- Aprobar os proxectos das obras e os pregos de prescricións técnicas das subministracións presentados polos concellos que se detallan no ANEXO V a este acordo. Non obstante, a aprobación definitiva dos investimentos que no dito ANEXO V teñen indicadas condicións suspensivas, queda condicionada ao seu cumprimento.

